



UN DIÁLOGO SOCRÁTICO

JOSÉ ANTONIO LOZANO

SOBRE A XENEROSIDADE

"Só sei que non sei nada" é un tópico que alude á enigmática personalidade de Sócrates e a súa sabedoría. As ciencias estudan cousas ou obxectos de coñecemento, a filosofía pretende o ser, e como o sal a esvaírse na auga, aquilo que parecíamos ter ben collido, fúxenos entre os dedos, e todo o que é sólido se dissolve no ar."

-Ben, que vos parece se tentamos unha especie de diálogo socrático? Estiven buscando na rede como facer e penso que poderíamos seguir o seu método. Basicamente hai que preguntar, definir e ter paciencia. E, esquecía, tamén certo toque de ironía.

-Veña, tentémolo!

-Comecemos cunha pregunta. Por exemplo, cal é a cualidade que mais valoras nunha persoa?

-Pois eu a xenerosidade

-Entón comeceamos por definir "xenerosidade". Dame unha definición.

-Diría que a xenerosidade é cualidade

do que é xeneroso e xeneroso é aquel que dá con facilidade.

- Dirías entón que é pródigo en bens ou en males?

-Que pregunta?. En bens por suposto!

-Nese caso a nosa definición debería incluír o feito de que o xeneroso é aquel que da con facilidade cousas boas, non é así?

-Sen dúbida.

-Desde unha perspectiva poética podemos dicir que alguén é "xeneroso en males" mas nós estamos considerando aquí a cualidade central da xenerosidade como unha fonte benfeitora, non simplemente como alguén que dá moito de algo indiscriminadamente

-Evidentemente, é iso o que queremos dicir.

-Por tanto, ao definir a xenerosidade como a prodigalidade do que é bon, ou de aqueles bens que causan beneficio teremos que distinguir diferentes tipos de xenerosidade segundo o tipo de bens que consideremos.

-Parece que somos levados a iso pola lóxica das túas preguntas.

-Para ser máis claro, poñamos un exemplo. Se un home no medio da rúa estivese a repartir billetes de cen euros dirías que é xeneroso?

UN DIÁLOGO SOCRÁTICO

JOSÉ ANTONIO LOZANO

-Non creo que se poda xulgar así.

Podería ser xeneroso ou tolo.

-Podería ser un tolo xeneroso?

-Si, supoño.

-Mais atendendo á definición ese home está exercitando a xenerosidade: dar con facilidade algún tipo de ben.

-Desde ese punto de vista si pero non sabemos se o que dá é con facilidade, se ten moito mais diñeiro e faino coa intención de divertirse, ou se simplemente quere experimentar como se comporta a xente. Podería haber unha cámara oculta.

-Entón parece faltar algo na nosa definición. Cen euros son un ben e o home está dando con facilidade e á vista de todo o mundo. Mais claro non pode estar.

-Recoñezo que a definición me obriga a aceptar que o que ese home está a facer é un xesto de xenerosidade mas algo en min resístese a aceptalo plenamente como un feito. Non podo dicir sen mais que ese home sexa xeneroso.

-Que é o que falta, entón?

-Diría que non sabemos as súas intencións.

-Sen embargo na definición non incluimos para nada a cuestión das intencións.

-Visto desde a perspectiva actual parece que a definición debe ser reconsiderada.

-Antes de volver a reconsiderar a definición pensemos sobre o que ela di. Que significa dar?.

-Sería doar ou transferir algo sen ningún tipo de contrapartida. Ou sexa, non sería un préstamo ou un intercambio comercial.

-Aceitamos entón que a palabra "dar" implica unha acción que se vincula coa conciencia do que entendemos como xenerosidade, quer dicir, que é inherente á xenerosidade "dar" sen contrapartidas.

-Exactamente. De modo que "dar con facilidade bens" sería ser xeneroso.

-Neste sentido non teríamos que cambiar a definición porque o verbo ten unha implicación intencional, ou sexa, que dar non é simplemente dar algo, doar algo senón facelo cunha disposición libre de toda intención de recibir algo a cambio. A isto último como lle chamaríamos?

-Diríamos "comprar" ou "trocar"

O problema entón non está na definición como tal. Realmente non a temos que modificar. O problema está en relacionar o feito do home repartindo billetes de cen euros coa definición de xenerosidade. Creo que a lóxica sería a seguinte: se el está dando ese diñeiro sen ningunha contrapartida entón él é xeneroso, se hai algunha outra intención como, por exemplo, divertirse, experimentar o comportamento dos demais, ser considerado un home xeneroso, ser querido, etc, non poderíamos dicir que realmente é xeneroso, senón que está "comprando" ou "trocando" algo.

-Síntome inclinado a darte a razón. A cuestión é que nós non sabemos as súas intencións, ese é o problema.

-Esta é a cuestión, que non sabemos, en principio se aí hai un acto de xenerosidade. Pero aínda hai mais cousas que non sabemos.

-A que te estás a referir?

-Aínda supondo que el dá xenerosamente non sabemos se é xeneroso. É o mesmo un acto de xenerosidade que ser xeneroso?. Cando dicemos que alguén é xeneroso presuponemos que sempre é xeneroso ou que é xeneroso en algunhas ocasións e noutras é avaro?

-Presuponemos que sempre é xeneroso, evidentemente.

-Daquela estaríamos a supor demais mesmo se aceptáramos que ese acto de xenerosidade é realmente xeneroso, pois unha andoriña non fai verán. Estritamente falando non poderíamos dicir que ese home é xeneroso senón que realizou un acto de xenerosidade, o que é diferente.

-Entón en que consistiría "ser xeneroso"?

-Penso que é unha cuestión que se alongaría demais nesta primeira aproximación.

-Porqué o pensas?

-En realidade temos que dilucidar que é "ser" e non me parece que podamos agora abordar esa palabra en toda a súa complexidade.

-Estou de acordo en que debemos ampliar isto con mais preparación. Hai, porén, outra cuestión que gustaría de considerar.

-De que se trata?

-Cando dixemos que a xenerosidade era "dar con facilidade bens" e consideramos

*SÓCRATES FOI XUZGADO POLA
DEMOCRACIA ATENIENSE E
CONDEADO A MORTE POR
ENVENENAMENTO*

que “dar cen euros na rúa aos que pasaban” era dar algún ben, quizá presupomos demais.

- Non te parece que cen euros son un ben?

-En realidade só son un medio. É algo que poderíamos trocar por un ben ou por un mal. Por exemplo, alguén pode comprar algo que necesita, como unha medicina, ou libros, ou alimentos para a súa familia. Outras persoas poderían utilizalo para comprar droga, coller un autobús e irse da casa dos pais ou comprar un arma para causar danos a outros, en fin, mil posibilidades.

-Mais iso non significa que cen euros non sexan un ben, senón que certas persoas poden utilizar mal ese ben.

-A cuestión entón é a propia definición de ben. Se un ben pode converterse nun mal entón ese ben non pode ser definido como ben, porque o seu ser non é intrinsecamente ben. Da mesma maneira que supomos que “ser xeneroso” significa que nunca somos avaros. Un ben non pode ser mal porque iso denotaría que non é algo inherente ao seu ser.

-Se como dixemos antes “ser xeneroso en males” realmente non é ser xeneroso, pois a xenerosidade é de bens, a cuestión é pensar se podería acontecer que eses cen euros regalados se convertesen en males, dado que non teñen unha existencia intrínseca como bens.

-Non é probábel que fose así en todos os casos mais non é imposible.

- Ou sexa que podería ser que e en realidade se estivese a producir un mal nese contexto específico?

-Así parece

- Mas isto non podería pasar se se regalasen auténticos bens, non te parece?

- Iso penso.

-En consecuencia, estivemos a dar por suposto que cen euros eran un ben, cando realmente non podemos dicir que sexan nen un ben nen un mal. Paréceche que é correcto este razoamento?

-Parecer parece. En realidade ese argumento parece poder adecuarse a moitos outros tipos de bens e cousas.

-Temos entón engadido outro problema ao de “ser” que é o de “ben”. Que é realmente un ben? Ou dito en termos mais amplos: que é o ben?

-Parece que chegamos a unha encrucillada e o que temos claro é que non sabemos pero ao mesmo tempo sabemos algo mais que non sabíamos ao inicio desta conversa.

-Si, tocamos o punto en que o que parece ser non é. Realmente é certo o vello dito de que as aparencias enganan.

-Mais tampouco sabemos o que é nen onde está.


-Agora sabemos que non sabemos realmente?



A MORTE DE SÓCRATES, ÓLEO DE JACQUES LOUIS DAVID (1787)
NEW YORK, METROPOLITAN MUSEUM OF ART



A SÓCRATES FOI UN SOLDADO HOPLITA DE RECONECIDO VALOR QUE TIVO QUE LOITAR DURANTE VINTESETE ANOS NAS FILAS DA INFANTERÍA ATENIENSE. ÉSTA É A RECONSTRUCCIÓN DUN HOPLITA ATENIENSE DA ÉPOCA.



Parménides esculpido por Sócrates

Sócrates- Parménides paréceme , segundo a expresión de Homero, "tanto venerábel como terríbel". De feito, coñecín a este home cando aínda eu era moi novo e el bastante vello e parecía dotado dunha profundidade totalmente fora do común. Polo tanto, temo que non podamos entender as súas palabras e que a súa doutrina aínda supera a nosa capacidade de comprensión; pero o que máis me temo é que o asunto que iniciou a nosa discusión, a saber, a natureza da ciencia, permanecerá sen examinar debido á serie de digresións que xurdirían se nos detivésemos. Por outra banda, o que aquí nos ocupa é de extensión infinita; se só o examinásemos de paso, diluirémolo e se o examinamos como merece, a súa extensión faranos perder de vista a cuestión da ciencia.

(PLATÓN, Teeteto ou da ciencia)

SOBRE A XENEROSIDADE

DIÁLOGO SOCRÁTICO
JOSÉ ANTONIO LOZANO GARCÍA
IES FRAGA DO EUME